



## Poemas mollados

Juanjo Carracedo

### Poética do tempo detido

Non hai tempo xa de metáforas baldeiras...  
Tras tanto pasado inesgotable  
o fondo da aldea cheira a tempo morto,  
tras tantos presentes que non dan chegado  
o fondo da aldea é unha historia intocable,  
tras tantas horas de futuro inmóbil  
o fondo da aldea encheuse de noites  
e a poesía encheuse de mortos  
e de cómodas lendas pra non saírmos do berce...  
e hoxe anda a berrar a poesía entre os carballos  
de máis,  
hoxe escóitanse chegar mundos alleos  
pra ceibala  
e botala enriba dos camiños a caldeiros  
ata que afoguen nas pozas novas  
os cantos de medos e os entroidos de morriña  
e as metáforas se enchan de reloxos suarentos.

### Daquela

Daquela mirei cara ao monte  
e o monte non era  
o monte da escola.  
E calei.  
Mirei daquela as vacas  
e as vacas non daban o leite da escola.

E calei.  
E tirei da miseria  
esmolas para ir medrando  
lonxe de todo,  
calado,  
quedo,...  
Do fondo da aldea  
vexo hoxe  
sen escola  
monte e vacas  
que en min medraron...

### **Fuxir**

Labrar versos cos ollos dun pai calado,  
labrar ventos coas pedras espetadas nas bocas,  
labrar cabalos nas cuncas dun leiteño quente,  
para irmos fuxindo  
adrede.

### **Os mares**

Os mares de Homero  
encheron as corredoiras de medos,  
encheron as leiras de portos,  
encheron os montes de ollos,  
enchéronme as mans de remos.

### **Contexto**

Entre os piñeiros da Dehesa de la Villa  
e os rebolos das Barxas  
cabe a literatura grega  
enteira  
e mais ti.